

ción polo órgano convocante, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Burela, 17 de decembro de 2008.

José Manuel Casdelo Filgueiras
Director xerente do Hospital da Costa de Burela

ANEXO

Posto de traballo: xefa do Servizo de Radioloxía.
Nome e apelidos: M^a del Pilar Alonso de la Miar.
DNI: 10554540-R.

Resolución do 5 de xaneiro de 2009, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto vacante de xefe/a do Servizo de Traballo Social.

Mediante Resolución do 30 de outubro de 2008 (DOG nº 222, do 14 de novembro), convocouse para a súa provisión, polo sistema de libre designación, un posto vacante de xefe/a do Servizo de Traballo Social.

De acordo co disposto nas bases da convocatoria, co informe previo da Dirección de Recursos Humanos e Relacións Laborais a que se fai referencia na base quinta,

Esta xerencia xeral de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefe/a do Servizo de Traballo

Social anunciado pola Resolución do 30 de outubro de 2008 (DOG nº 222, do 14 de novembro).

Segundo.-Nomear no posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O profesional nomeado deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo xerente xeral do complexo hospitalario.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Ourense, 5 de xaneiro de 2009.

José Luis Jiménez Martínez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Ourense

ANEXO

Posto: xefa do Servizo de Traballo Social.
Nome e apelidos: María Belén Piñeiro Bóveda.
DNI: 34973843-C.

Resolución do 8 de xaneiro de 2009, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de diversos postos de persoal de xestión e servizos.

Convocada por Resolución nº CC-01/2008, do 2 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril), a provisión de diversos postos de persoal de xestión e servizos, polo sistema de concurso de méritos, esta Dirección de Área Sanitaria, de conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como no artigo 3 da Orde do 24 de maio

de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de diversos postos de persoal de xestión e servizos, realizada mediante Resolución nº CC-01/2008, do 2 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril).

Segundo.-Nomear, para os postos que se indican, as persoas relacionadas no anexo a esta resolución.

Terceiro.-O réxime de cesamento nas prazas de orixe e de toma de posesión das prazas adxudicadas será o establecido no artigo 26 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Ferrol, 8 de xaneiro de 2009.

José Ramón García López
Director da Área Sanitaria de Ferrol

ANEXO

-Posto de traballo: xefe de Sección de Planificación e Obras.

Nome e apelidos: Francisco Javier Grandal Amor.
DNI: 32559906-W.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Mantemento.

Nome e apelidos: Juan Antonio Fernández Carbajal.
DNI: 11365233-J.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Relacións Laborais.

Nome e apelidos: Guillermo Varela Bastida.
DNI: 32656138-W.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Almacén.

Nome e apelidos: Juan Martín González.
DNI: 32437627-Z.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Nóminas.

Nome e apelidos: María José Morales Trasancos.
DNI: 32606657-V.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Atención ao Paciente.

Nome e apelidos: Mercedes Maceiras Morlán.
DNI: 32399746-Z.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Control de Xestión.

Nome e apelidos: Luis Molist García.
DNI: 35977599-X.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Compras.

Nome e apelidos: Dolores Mariñas Placer.
DNI: 32417937-N.

-Posto de traballo: xefe de Sección de Persoal.

Nome e apelidos: Carmen Seijas García.
DNI: 32662316-Q.

-Posto de traballo: xefe de Grupo de Servizos Xerais.

Nome e apelidos: Rosa Carro López.
DNI: 32777277-T.

-Posto de traballo: xefe de Grupo de Persoal.

Nome e apelidos: María Jesús López Vizoso.
DNI: 32599433-S.

-Posto de traballo: xefe de Grupo de Xestión Económica.

Nome e apelidos: Luisa Ibáñez González.
DNI: 15886874-S.

-Posto de traballo: xefe de Grupo de Tarxeta Sanitaria.

Nome e apelidos: Begoña Sanjuán Maroño.
DNI: 76403675-K.

-Posto de traballo: xefe de Grupo de Persoal.

Nome e apelidos: Gema Romero Pérez.
DNI: 32652025-Y.

-Posto de traballo: xefe de Grupo do Servizo de Atención Primaria de Narón.

Nome e apelidos: Consuelo Sánchez Romero.
DNI: 32596061-R.

-Posto de traballo: xefe de Equipo de Central Telefónica.

Nome e apelidos: José Luis Campelo Bouza.
DNI: 32619373-Z.

-Posto de traballo: xefe de Equipo de Mantemento.

Nome e apelidos: José Ramón Vilaboy Vázquez.
DNI: 76391393-K.

Resolución do 9 de xaneiro de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de xefe do Servizo de Neumoloxía deste complexo hospitalario.

De conformidade co disposto no artigo 3º da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, o director xerente do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo,

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de avaliación colexiada, o posto de traballo que se indica no anexo.

Segundo.-As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.